



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 28 DE ABRIL DE 2023

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2023/00020974W.

Ratificación da urxencia da convocatoria.

Ratifícase a urxencia da presente convocatoria.

2. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00001597C.

Prórroga do contrato de aluguer do local nº 3 sito na rúa Galeras, 28- baixo destinado a oficinas municipais de Catastro e Censos e revisión do IPC.

Acórdase:

Primeiro.- Prorrogar o contrato de aluguer do local nº 3 sito na rúa Galeras, 28- baixo destinado a oficinas municipais de Catastro e Censos polo prazo de un ano a contar desde o 1 de maio de 2023 ata o 30 de abril de 2024.

Respecto á revisión de prezos, no contrato asinado con data 12-xuño-2007, na súa cláusula segunda establececese que a partir do ano 2009 o prezo de alugamento incrementarase conforme á variación do IPC dos últimos doce meses, polo que propónse a revisión do IPC dende a última data na que se realizou esta (abril de 2022 ata abril de 2023). A renda definitiva a partir do 1 de maio de 2023 fixarase unha vez sexa publicado o IPC do mes de abril de 2023.

Para o mes de maio de 2023 satisfarase a renda actual por importe mensual de: 840,36 € máis IVE (1.016,84 €).

Segundo.- Aprobar e comprometer un gasto por importe de 12.202,08 €, que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria nº 030 93100 2020000 POLÍTICA ECONÓMICA E FISCAL. ARRENDAMENTOS, dos seguintes exercicios:

-Anualidade 2023 (01/05/2023 ata 31/12/2023): 8.134,72 €, no que existe crédito adecuado e suficiente segundo se deriva do documento contable RC que se xunta ao expediente.

-Anualidade 2024 (01/01/2024 ata 30/04/2024): 4.067,36 €, no que queda condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente.

Publicado o IPC de abril de 2023 efectuarase a revisión correspondente con efectos dende o 1 de maio de 2023, dando conta a Xunta de Goberno e aos servizos económicos (Intervención municipal, Tesourería Municipal e oficina Orzamentaria e Contabilidade).